

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 19 de xullo de 2013

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D. Carlos López Font
D. Cayetano Rodríguez Escudero

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día dezanove de xullo de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(795).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria e da extraordinaria e urxente do 5 de xullo de 2013. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(796).- CONCESIÓN SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: EXPTE. 2749/04, 2194/12 E 2298/12.

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informe-proposta do xefe da área de Benestar Social, conformados pola concelleira-delegada de área, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar a:

-D. Abilio Fernández Rodríguez. Expte. 2749/04.

-D^a Josefina Blanco Rey. Expte. 2194/12.

-D^a Carmen Fernández Martínez. Expte. 2298/12.

3(797).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES CORRESPONDENTE AOS MESES DE MAIO E XUÑO 2013. EXPTE. 87143/301.

Cumprindo as instrucións da base 31 das de execución do presuposto en vigor, dáse conta dos expedientes de gasto menor tramitados polo departamento de Benestar Social no mes de: maio-xuño de 2013

DATA	CONCEPTO	PARTIDA	NºOPERACIÓN	IMPORTE EUROS	TERCEIRO
23/05/13	REMORMA INSTLACIÓN ELECTRIA CENTRO CIIES	2120002	201300034306	143.066,54	IMESAPI, S.A.
12/06/13	REPARACION SISTEMA CCTV. CAMARA VARIFOCAL , CIIES	2120002	201300037072	822,80	PROTESE, S.L.
11/06/13	ADAPTACIÓN AS CONDICIÓN CONTRA INCENDIOS	2120002	201300037074	16.946,05	CONSTRUCCIONES SITO Y FERNÁNDEZ, S.L.
02/05/13	PUBLICIDADE AXUDAS LIBRO-COMEDOR	2260200	201300030512	7.061,97	AGUA DE MAYO MARKETING
29/05/13	GASTOS TRANSPORTE PROGR. VIAXA E COÑECE	2260902	201300035091	6.000,00	AUTOCARES LA FLORIDA, S.A.L
23/05/13	REALIZACION 15 INFORMES VALORACION VIVENDAS	2270600	201300034307	4.900,50	ORLANDO ABILDUA CAPELLILLO
06/05/13	CHARLAS PROG. DROGODEPENDENCIAS	2279908	201300030874	125,00	ASOC. MADRO
14/05/13	PROGR. ME MUEVO	2279909	201300033229	6.010,12	ASOC. DOWN VIGO
29/05/13	GASTOS PRUDUCCION XORNADA REDDES	2279909	201300034821	4.500,00	VARIOS
11/06/13	CENTRO REHABILITACION	2279909	201300037076	7.000,00	ASOC. DOA
11/06/13	ACTIVIDADES PERSOAS CON DISCAPACIDADE	2279909	201300037077	2.000,00	VARIOS
12/06/13	PROXECTO SENSIBILIZACIÓN	2279909	201300040052	18.000,00	FUNDACIÓN ENTRECULTURAS FE Y ALEGRIA
20/06/13	ACCESIBILIDADE PRAIAS	2279909	201300040120	16.200,00	CRUZ ROJA ESPAÑOLA ASAMBLEA COMARCAL DE VIGO
28/06/13	CUOTA ADHESION FONDO GALEGO	2269900	201300044256	12.000,00	FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN

4(798).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CONSULTORÍA DE DIRECCIÓN PARA O PROXECTO SUSTAINABLE URBAN MOBILITY (SUM PROJECT), DO PROGRAMA INTERREG IVC. EXPTE. 9736/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 19-06-13, do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, conformado polo concelleiro-delegado de área, visto o informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal do 08/07/13, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación (9736/77) por procedemento negociado con publicidade do SERVIZO DE CONSULTORÍA DE DIRECCIÓN PARA O PROXECTO "SUSTAINABLE URBAN MOBILITY" (SUM PROJECT), enmarcado dentro do programa INTERREG IVC.

Segundo.- Aprobar o o prego de prescricións técnicas particulares de 19 de xuño de 2013 e o prego de cláusulas administrativas de 19 de xuño de 2013 que rexerán a contratación do SERVIZO DE CONSULTORÍA DE DIRECCIÓN PARA O PROXECTO "SUSTAINABLE URBAN MOBILITY" (SUM PROJECT), enmarcado dentro do programa INTERREG IVC.

Terceiro.- Autorizar o gasto de 33.169,91 euros (IVE engadido), con cargo á aplicación orzamentaria, 2410..2279907 "ESTUDIOS E TRABALLOS TÉCNICOS SUM PROJECT", do vixente presuposto e do seguinte, conforme á seguinte distribución por anualidades:

DISTRIBUCIÓN ANUALIDADES			
EXERCICIO	2013	2014	TOTAIS
B.I.	9.137,72	18.275,43	27.413,15
IVE	1.918,92	3.837,84	5.756,76
TOTAL	11.056,64	22.113,27	33.169,91

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.

5(799).- AUTORIZACIÓN DE CESIÓN TEMPORAL DE VIVENDA MUNICIPAL NÚM. F-00473-C007 DO REXISTRO DE ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS. EXPTE. 5870/224.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade de data 10-07-13, conformado pola concelleira-delegada de área, a Xunta de Goberno Local acorda:

Autorizar unha prórroga na cesión temporal da vivenda municipal identificada no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co número F-00473-C-007, por un período máximo de seis meses de duración a contar desde o día 19 de agosto de 2013, atendendo ás circunstancias que obran no expediente 6004/224.

6(800).- LIBRAMENTOS A XUSTIFICAR. EXPTE. 102194/140.

Vistos os libramentos a xustificar informados polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local aproba a seguinte relación dos mesmos:

Habilitado	Nºpagamento	Aplicación orzamentaria	Importe librado	Importe xustificado	Data de pagamento	Data Real xustificación	Data legal de xustificación	Reintegro	S/ a favor
BARBARÁ RODRÍGUEZ BEATRIZ	201300006440	9220.2260300	6.000,00	5.298,41	08/02/13	14/06/13	08/05/13	701,59	---
CRESPO CASAL ÁLVARO	201300038508	1550.2250200	58,53	58,53	07/06/13	12/06/13	07/09/13	----	---
CRESPO CASAL ÁLVARO	201300041733	1550.2250200	1.465,79	1.465,79	20/06/13	21/06/13	20/09/13	----	---
ESCARIZ COUSO ALBERTO	201300011015	9220.2219901	191,81	153,94	14/02/13	18/06/13	14/05/13	37,87	---
ESCARIZ COUSO ALBERTO	201300012441	9221.1620001	250,00	250,00	18/02/13	24/05/13	18/05/13	----	---
ESCARIZ COUSO ALBERTO	201300012444	9221.2302000	361,69	288,72	18/02/13	24/05/13	18/05/13	---	----
ESCARIZ COUSO ALBERTO	201300012445	9221.2312000	360,00	671,54	18/02/13	24/05/13	18/05/13	----	238,57
ESCARIZ COUSO ALBERTO	201300029671	9220.2219901	152,58	152,58	30/04/13	07/06/13	30/07/13	----	---
ESCARIZ COUSO ALBERTO	201300039522	9220.2312000	50,00	50,00	12/06/13	14/06/13	12/09/13	----	---
ESPADA RECAREY LUIS	201300023930	1693.2200100	500,00	498,50	05/04/13	03/06/13	05/07/13	1,50	---
ESPADA RECAREY LUIS	201300024765	1693.2330000	7.572,60	7.572,60	12/04/13	31/05/13	12/07/13	----	---
ESPADA RECAREY LUIS	201300024766	1693.2279900	17.999,00	17.224,75	12/04/13	31/05/13	12/07/13	774,25	---
GUTIÉRREZ ORÚE FRANCISCO J.	201300037975	1694.2330000	500,00	500,00	04/06/13	10/06/13	04/09/13	----	---
MIEDERO RODRÍGUEZ BELÉN	201300016167	3370.2200100	2.000,00	1.533,40	28/02/13	20/06/13	28/05/13	466,60	---
QUINTELA RODRÍGUEZ Mª JOSÉ	201300013841	2310.4800000	70.000,00	70.000,00	25/02/13	31/05/13	25/05/13	----	---
SAN LUIS COSTAS AVELINO	201300026294	9120.2260100	5.500,00	5.549,14	19/04/13	23/05/13	19/07/13	----	49,14
VIEITES ALÉN JOSÉ MANUEL	201300019066	9220.2260400	1.000,00	21,82	15/03/13	18/06/13	15/06/13	978,18	---
VIEITES ALÉN JOSÉ MANUEL	201300038358	9220.2090000	2.400,00	2.400,00	06/06/13	14/06/13	06/09/13	----	---
VIVERO MIJARES ANTONIO	201300016169	1340.2269900	1.500,00	1.435,64	28/02/13	23/05/13	28/05/13	64,36	---
TOTAL			117.862,00	115.125,36				3.024,35	287,71

7(801).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE VITRASA, POLO SERVIZO DE LANZADEIRAS AO CUVI, MESES DE XANEIRO A MAIO DE 2013. EXPTE. 91/449.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 28-06-13, da xefa do servizo de Transportes, conformado polo concelleiro-delegado de área, visto así mesmo o informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal do 08-07-13, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a indemnización substitutiva por convalidación das actuacións a favor da empresa Víguesa de Transportes S.L. por importes de 136.850,74 €; 128.382,50 €; 129.902,26 €; 176.542,17 € e 92.131,19 €, correspondentes ás facturas de xaneiro, febreiro, marzo, abril e maio, respectivamente, de 2013; por un importe total de 663.808,86 euros, polo servizo de transporte prestado á Cidade Universitaria, perante ditos meses do presente ano, de conformidade coa Base 28ª de execución do Presuposto Xeral para o exercicio de 2013, con cargo á partida 4410.470.00.00 - "Subvención Lanzadeiras".

Segundo.- Recoñecer a débeda a favor de "VITRASA" por un importe total de 663.808,86 euros, polos conceptos antes indicados e con cargo á partida 4410.470.00.00-"Subvención Lanzadeiras" do Presuposto Xeral vixente, e con arreglo á Base 28 do Presuposto para o presente ano.

8(802).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR DA XUNTA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS Á XUVENTUDE. EXPTE. 3980/336.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 15-07-13, da xefa do Servizo de Xuventude conformado pola concelleira-delegada de área, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a solicitude de subvención á xunta de Galicia dentro da "Convocatoria de subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a realización de actividades dirixidas á xuventude, para a promoción da información xuvenil e para a incorporación da xuventude ás novas tecnoloxías durante o ano 2013", da Consellería de Traballo e Benestar, na Orde do 26 de xuño de 2013, por importe de 27.578.,97 €.

Segundo.- Facultar a Dª Mª Jesús Lago Rey, concelleira-delegada da área de Xuventude, para representar ao Concello de Vigo na presentación desta proposta de subvención.

9(803).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE INFORMACIÓN XUVENIL. EXPTE. 3827/336.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación do 15-07-13, visto así mesmo o informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal do 15-07-13, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Adxudicar a XOMA INICIATIVAS SOCIAIS, S.L. o procedemento aberto para a contratación do servizo de información xuvenil (expediente 3827-336) por un prezo total de 809.771,59 € (IVE incluído), sendo a cota correspondente o IVE de 73.615,60 €.

Como melloras o contratista se compromete a aportar as seguintes:

- A realización de 60 horas de formación impartidas por persoal especializado distinto ao contratado para a xestión dos servizos.
- Achegar un sistema para envío de mensaxes SMS para a difusión de actividades que comprende 20.000 sms.
- Incrementar sen custe para o Concello o número mínimo de horas de prestación do servizo fixado na cláusula III.C do prego de prescricións técnicas en 960 horas/anuais.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

Segundo.- O contratista non poderá en ningún caso aumentar o número de traballadores/as adscritos á prestación, nin o número de horas de traballo a prestar polos mesmos por enriba das que figuraban na relación facilitada á Administración en cumprimento da obriga de información prevista no artigo 120 do TRLCSP. Calquera variación na estrutura, número de traballadores ou horas de traballo dos mesmos deberá ser aprobada polo Órgano de Contratación. No caso de modificacións cuantitativas do contrato, o Órgano de contratación pronunciarase, previa valoración técnica, sobre o impacto que está produza sobre o número de traballadores, horas de prestación do servizo e custo que vai a supor na subrogación, e sobre esta variación poderá ou ben autorizar a ampliación dos medios persoais ou, en caso contrario, autorizar a ampliación do número de horas a executar polos medios persoais ofertados.

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

10(803).- CORRECCIÓN DE ERROS MATERIAIS NO ACORDO DE CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDUREMTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE APOIO A CEDRO. EXPTE. 1850/315.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 18-07-13, da secretaria da Mesa de Contratación, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Rectificar no subapartado primeiro do acordo a puntuación de CLECE, S.A., substituíndo 85 por 96 puntos.

Segundo.- Engadir no subapartado segundo entre a documentación requirida ó licitador “Acreditación de posuír os medios persoais e materiais que se comprometeu a achegar, relacionados no apartado 6 E) das Follas de Especificacións do Contrato (FEC) do Anexo II do Prego de cláusulas administrativas particulares.

11(804).- SEGUNDA OPERACIÓN XURÍDICA COMPLEMENTARIA DA XUNTA DE COMPENSACIÓN DO POLÍGONO 6 DO PEPRI DE BOUZAS. EXPTE. 5091/401-5030/401.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 15-07-13, da técnico de Admon. Xeral, conformado pola xefa da área de Rehabilitación e Cascos Históricos; visto así mesmo o acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismos, sesión realizada o 19-07-13, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar unha segunda operación xurídica complementaria do proxecto de compensación do polígono 6 do PEPRI de Bouzas con aprobación definitiva mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data do 7 de abril de 2008 (Expte 4786/401), de conformidade coa documentación presentada polo equipo redactor composto polos arquitectos don J. Cordeiro Rodríguez, don A. Davila Alonso, don E. Filgueira García, don C. Jiménez López e don L. Mejjide Rico, así como polo avogado don G. Gallego Pérez.

Segundo.- Requirir á Xunta de Compensación para que proceda á inscrición desta segunda operación xurídica complementaria no Rexistro da Propiedade, de conformidade co disposto polo artigo 6 do RD 1093/1997.

Terceiro.- Notificar aos interesados o presente acordo, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra o mesmo caberá interpoñer alternativamente, recurso potestativo de reposición no prazo dun (1) mes ou directamente, recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses, a contar ambos prazos dende o día seguinte á notificación do presente acordo.“

12(805).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

rs/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.